

# **NORMATIVA DE COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO**

(Aprobada na Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do 1 de decembro de 2015)

O Máster universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo é un titulación adscrita a dous Centros da Universidade de Vigo, a Facultade de Dereito de Ourense e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo. Así mesmo colaboran na impartición da citada titulación os Ilustres Colexios de Avogados de Ourense, Pontevedra e Vigo.

En atención á normativa vixente, os Centros deben cumprir cun estrito Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) dos que son responsables. Toda vez que a impartición do Máster faise coa colaboración de cinco institucións, é necesario crear unha Comisión de Coordinación onde estean representadas todas elas. Esta Comisión ten como obxectivo prioritario avaliar, supervisar e adoptar decisións conxuntas en relación co cumprimento do SGIC no citado título.

## **Artigo 1. Composición da Comisión de Coordinación**

Compoñen a Comisión de Coordinación as persoas que exerzan as funcións de Decana/o da Facultade de Dereito de Ourense e da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo; as que exerzan as tarefas de Coordinación académica do Máster; un representante de cada un dos Colexios Profesionais, e as/os Secretarias/os das respectivas comisións académicas.

O Decano ou Decana poderá delegar a asistencia a algunha Comisión específica, debendo constar este feito na acta da devandita Comisión así como, no seu caso, as facultades que se delegan.

Ás reunións da Comisión poderán asistir outras persoas que se considere, por común acordo, que poidan realizar achegas relevantes para os asuntos que se sometan á Comisión.

## **Artigo 2. Convocatoria e funcionamento.**

A convocatoria da Comisión corresponderá aos Decanas/os, procurándose que se realice de forma alterna e, tamén, que as reunións se realicen alternativamente na Facultade de Dereito de Ourense e na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo. As reunións poderán realizarse, si así se prevé na súa convocatoria, por videoconferencia, intentando manter a quenda nas convocatorias.

A convocatoria incluírá o lugar de reunión, a data e a hora da convocatoria, así como a orde do día. Deberá realizarse con 48 horas de antelación. A segunda convocatoria poderá realizarse cunha diferenza de 30 minutos respecto da primeira.

Para o funcionamento da Comisión será preciso que estean presentes, a lo menos, a metade dos membros e que haxa representantes dos dous Centros aos que está adscrito o máster

A Presidencia da reunión corresponderalle a Decana ou Decano que a convocou , quen designará a/o membro do órgano que exercerá as funcións de secretaría. Levantarase acta das reunións e será gardada, logo de aprobada e asinada, nos dous centros.

Os acordos adoptaranse de común acordo e por consenso

### **Artigo 3. Competencias.**

A Comisión de coordinación poderá avaliar e adoptar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre Centros aos efectos do SGIC.

### **Disposición final**

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación oficial nos respectivos taboleiros de ambos os dous centros.